

## MISA CON NENOS

12 de novembro 2017 - ORDINARIO 32º-A

*Mateo 25, 1-13: "Que chega o esposo, saíde ao seu encontro!"*

Mensaxe: **Non deixes que a Súa chamada sexa "perdida",  
ten á man o CARGADOR da ORACIÓN.**



**Non deixes que a Súa chamada  
sexo "perdida",  
ten á man o CARGADOR da  
ORACIÓN.**

## 1. ACOGIDA

Irmáns e irmás:

Benvidos á eucaristía neste domingo 32 do tempo ordinario. Estamos terminando o ano litúrxico antes de entrar no Advento. As lecturas deste domingo invítannos a atoparnos con Xesús, a facernos partícipes da súa festa, a ser cada día máis amigos seus. O camiño para intimar con Xesús é conectarnos a el co cargador da oración, así cando nos chame, nunca será unha chamada perdida.

**(Saúdo do sacerdote:)** *No nome do Pai... Que o Señor, que nos chama á súa festa, sexa con todos vós.*

**(Podemos ensinar o cartel deste domingo de Fano, ou un móbil co seu cargador).**

## 2. PERDÓN

**(Sacerdote)** *Pedimos perdón polos momentos de desánimo polos que pasemos. Polas veces que vivimos sen esperanza.*

**(Posible... pai-nai)** *Porque contigo a vida é unha festa, un banquete no que sentimos a túa presenza e o teu amor. Señor, ten piedade de nós.*

**(Posible... catequista)** *Porque necesitamos cargar a lámpada da nosa fe na oración e na eucaristía. Cristo, ten piedade de nós.*

**Posible... neno-nena)** *Porque algúns viven de costas a Deus e se esquecen da graza recibida no bautismo. Señor, ten piedade de nós.*

**(Sacerdote)** *Que o Deus do amor e do perdón teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e nos leve á vida eterna.*

### 3. PALABRA DE DIOS

Nas lecturas destes 3 últimos domingos do tempo ordinario Xesús fálanos do final dos tempos e da necesidade de estar vixiantes e preparados para recibilo. O evanxeo ensínanos a velar, estar atentos e preparados á vinda de Xesús. A primeira lectura dinos que a forma de estar atentos é ter na vida unha actitude sabia, ter a sabedoría de Deus. S. Paulo recórdanos a vida que nos espera logo da morte.

## LECTURAS

### **•Sabedoría 6, 1-12: *Os que buscan a sabedoría atópana.***

Radiante e perenne é a sabedoría, vena con facilidade os que a aman e os que a buscan atópana. Adiántase en manifestarse aos que a desexan. Quen madruga por ela non se cansa, pois atópaa sentada á súa porta. Meditar sobre ela é prudencia consumada e o que vela por ela axiña se ve libre de preocupacións. Pois ela mesma vai dun lado a outro buscando os que son dignos dela; abórdaos benigna polos camiños e sáelles ao encontro en cada pensamento.  
*Palabra do Señor*

### **•Salmo 62: R/. *A miña alma está sedenta de ti, Señor, meu Deus.***

### **•1ª Tesalonicenses 4,13-18: *Deus levará con el, por medio de Xesús, aos que morreron.***

**•Mateo 25,1-13: Que chega o esposo, saíde ao seu encontro!**

**Narrador:** Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos esta parábola:

**Xesús:** «Parecerase o reino dos ceos a dez virxes que tomaron as súas lámpadas e saíron ao encontro do esposo. **Cinco delas eran necias e cinco eran prudentes.** As necias, ao tomar as lámpadas, non se proveron de aceite; en cambio, as prudentes leváronse aceiteiras con aceite coas lámpadas. O esposo tardaba, pegoulles o sono a todas e durmíronse. Á medianoite oíuse unha voz:

**Voz: “Que chega o esposo, saíde ao seu encontro!”.**

**Narrador:** Entón espertáronse todas aquelas virxes e puxéronse a preparar as súas lámpadas. E as necias dixeron ás prudente:

**Necias:** - *“Dádenos do voso aceite, que se nos apagan as lámpadas”.*

**Narrador:** Pero as prudentes contestaron:

**Prudentes:** - *Non vaia ser que non chegue para nós e para vós, mellor é que vaiades á tenda e o merquedes para vós.*

**Narrador:** Mentres ían mercalo, chegou o esposo, e as que estaban preparadas entraron con el ao banquete de vodas, e pechouse a porta. Máis tarde chegaron tamén as outras virxes, dicindo:

**Necias:** - *Señor, señor, ábrenos.*

**Xesús:** Pero el respondeu:

**Noivo:** - *“En verdade vos digo que non vos coñezo”.*

**Xesús:** *Xa que logo, velade, porque non sabedes nin o día nin a hora».*

*Palabra del Señor.*

*(Narrador-Xesús-Voz-Necias-Prudentes-Noivo).*

## 4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

**(Sacerdote:)** Sabemos que Deus sempre acolle a oración dos que acudimos a el con confianza. Presentémoslle as nosas súplicas dicindo: **-Ensínanos a orar. - Lámpada é a túa Palabra para os meus pasos.**



- 1.- Pola Igrexa, para que nos regale a un Deus que é festa, proximidade, amizade e encontro. **Oremos.**
- 2.- Por todos os crentes para que entendamos que a nosa vida sempre está nas mans de Deus e espéranos unha gran festa no ceo. **Oremos.**
- 3.- Por todos os que seguimos a Xesús para que valoremos a oración e o encontro con el cada día. **Oremos.**
- 4.- Por todos nós, para que vivamos coas lámpadas acesas, conectados a Xesús pola oración e a escoita da súa palabra. **Oremos.**
5. Para que ao final das nosas vidas nos atopemos coas lámpadas acesas, o corazón preparado, cheo de amor para o encontro contigo. **Oremos.**
6. Polos enfermos, polas vocacións, polas nosas necesidades. **Oremos.**

**(Sacerdote:)** *Pai, concédenos sabedoría e lucidez aos que cremos na resurrección para manternos vixiantes no camiño. Por XCNS.*

## 5. PRESENTACIÓN DE DONES

### **-MÓVIL CON SU CARGADOR:**

Co móbil estamos atentos ás chamadas e mensaxes que recibimos, pero ás veces quedamos sen batería e recibimos chamadas perdidas. Non nos queremos perder as túas chamadas nunca, queremos ser os teus amigos, vivir atentos a ti, á túa palabra, pois es o que máis nos importa



**-UNHA BATERÍA OU UNHAS PILAS:** Xesús, queremos vivir permanentemente conectados a ti. Axúdanos a cargar as pilas da fe, do teu amor, na oración constante en familia, cos nosos amigos, coa comunidade.

**-PAN E VIÑO:** Cada domingo participamos na festa que nos preparas na Eucaristía. Esta celebración é un adianto da festa grande que nos tes preparado no ceo. Limpas os nosos ollos e o noso corazón para que ao comulgarte te fagamos a nosa vida e a nosa forza.

## *Invítanos á túa Festa*

**Gracias, Señor,** polo que hoxe nos recordaches que:

**Ser cristián é unha festa** constante, unha alegría inmensa, porque nos queres e vas connosco nas tarefas da vida e vivimos rodeados de tantas persoas que nos queren e ás que queremos.

**Xesús, ti chámamos,** queres comunicarte connosco, enchernos da túa luz e de forza para ser sempre as túas testemuñas e prepararnos á festa do ceo.

**Xa sabes que nós** ás veces desconectamos, preocupámonos das nosas cousas e a túa chamada é entón unha "chamada perdida".

**Por iso hoxe disnos:** ponte as pilas, carga a túa batería, ten a man o cargador da oración para comunicarte comigo, conéctache á miña Palabra cada domingo..., pois sen ti andaremos tristes, desorientados, faltos de ledicia.

**E como aquelas mozas prudentes** que se atoparon co noivo, ensínanos a vivir preparados, coas lámpadas da fe e do amor sempre acesas, conectados á túa Palabra, e así, un día entraremos no ceo a celebrar a gran festa dos benaventurados.





**Velad,**  
**que** 

**no sabéis el día ni la hora**



en que el **Hijo del Hombre**  
ha de venir.  
**Mateo 25:13**

**RED CATEQUESE GALICIA**